

CIRCULAR 104/2017

- A todas as Delegacións (*)
- Aos clubs e adestradores

(*) Para a súa distribución entre todos os estamentos da súa demarcación

III CAMPIONATO DE GALICIA DE CLUBES DE PROBAS COMBINADAS

Ourense, 30 e 31 de Decembro do 2017

Art.1) Os días 30 e 31 de Decembro terá lugar o **III Campionato de Galicia de Clubs de probas combinadas**, na pista cuberta de Expourense de Ourense. O evento está organizado pola Federación Galega de Atletismo a través da súa delegación en Ourense.

Art.2.) No Campionato de Galicia de Clubs de probas combinadas poderán participar todos aqueles equipos masculinos ou femininos que inscriban un mínimo de 3 atletas en cada sexo das categorías Cadete/Sub16 e superiores. **Non se permitirá iniciar a competición a aqueles clubs que non presenten o equipo completo.**

Admitirase a participación de atletas fora de concurso que se atopen nos 3 primeiros do ranking galego aire libre tempada 2016/2017.

A puntuación farase, puntuando 3 atletas independentemente da súa categoría dende cadetes ata absolutos., por tabla programa RFEA. Os clubs que non terminen con 3 atletas non puntuarán.

Art.3) As inscricións realizaranse a través do sistema online na web da RFEA (<https://isis.rfea.es/sirfea2/>) **ata as 20:00 horas do martes 26 de decembro do 2017.**

Art.4) Haberá trofeos para os tres primeiros clubs homes e mulleres.

Art.5) Os atletas deberán utilizar o dorsal de forma totalmente visible en toda a súa superficie no peito, agás na pértega que poderán levalo nas costas. O incumprimento desta norma será motivo de descalificación. Será responsabilidade dos atletas levar consigo 4 imperdibles para a colocación do dorsal, a organización non facilitará imperdibles.

Art.6) O **horario provisional** do Campionato é o seguinte: O horario definitivo publicárase o mércores 27 de decembro

Sábado 30

Grupo1 de heptathlon masculino

16:15 60 m
16:50 Lonxitude
17:30 Peso
18:30 Altura



Federación Galega de Atletismo

Avda. de Glasgow, 13. Complexo Deportivo de Elviña. – 15008 – A CORUÑA

Teléfono: 981291683

Correo: secretaria@atletismo.gal

Páxina Web: <http://www.atletismo.gal> e <http://www.carreirasgalegas.com>



Grupo2 de heptathlon masculino

17:20 60 m

17:55 Lonxitude

19:10 Peso

20:00 Altura

Grupo 1 Pentathlon Femenino

16:00 60 m valados

16:35 Altura

18:00 Peso

19:00 Lonxitude

20:00 600

Grupo 2 Pentathlon Femenino

16:10 60 m lados

16:45 Altura

18:30 Peso

19:30 Lonxitude

20:30 800

Domingo 31

Heptathon masculino

10:00 60 m valados Xuvenil

10:05 60 m valados Xuvenil

10:10 60 m valados Absoluto

10:45 Pérttega

11:00 60 m valados Cadete

11:45 1000 m Cadete

12:45 1000 m Xuvenil, Junior, Absoluto

Art.8) Todo o non disposto no presente regulamento resolverase de acordo, por esta orde, as normas da F.G.A, R.F.E.A e I.A.A.F.

A Coruña, 18 de decembro do 2017

Dolores Rojas Suárez

Secretaria Xeral
Federación Galega Atletismo